

Hoxe propóñovos esta lectura sobre Beethoven porque no mes de decembro deste ano cúmprense 250 anos do seu nacemento.

COMPRESIÓN LECTORA : "BEETHOVEN".

Ludwig van Beethoven naceu nunha familia humilde en Alemaña no ano 1770. Súa nai tiña unha saúde moi delicada e seu pai era o director dunha importante orquestra teimado en converter ao seu fillo nun gran compositor. De feito, Beethoven demostrara dende ben pequeno os seus grandes dotes musicais.

Seu pai esixíalle moito e facíalle practicar varias horas ao día con instrumentos coma o piano, o clarinete e o órgano. Tanto era así que se lle pasaba a maior parte do día ensaiando e casi non ía ao colexio nin saía cos seus amigos. Cando ía á clase, estaba tan canso que apenas prestaba atención.

Seu pai era tan estrito que ás veces obrigáballe a levantarse de madrugada para tocar o piano para os seus amigos e así poder presumir de fillo.

Cando tiña soamente sete anos, o pequeno Ludwig xa era quen de dar recitais de piano. Aos dez anos abandonou a escola definitivamente para adicarse por completo á música. Empezou a dar clases cun novo profesor de moito prestixio que lle ensinou as obras de Mozart e doutros compositores moi importantes. Aos dezaseis anos, os nobles (clase social elevada) da súa cidade de Bonn (Alemaña), pagáronlle unha viaxe a Viena (Austria) para aprender dos mellores músicos, incluído Mozart. Ao pouco tempo, a súa nai morreu e tivo que voltar a Alemaña para coidar dos seus irmáns pequenos porque o seu pai non era capaz de facelo.

Como non ía á escola e, ademais seu pai perdera o traballo na orquestra, algunhas persoas axudáronlle a pagar os seus estudos musicais para poder continuar coa súa carreira como músico e compositor. Cando cumpriu os trinta anos comezou a notar que escoitaba mal. Pouco a pouco a súa xordeira foi medrando ata que non foi capaz de escoitar ningún tipo de son.

Beethoven probou diferentes tratamentos para curar a súa xordeira, pero nada funcionou e encheuse de tristura. A pesares diso, continuou compoñendo música. Unha das súas obras máis importantes é a "Quinta

Sinfonía". Tamén son moi populares as súas obras musicais "Para Elisa", "Claro de Luna" ou a súa "Novena Sinfonía".

En total compuxo nove sinfonías, trinta e dúas sonatas, dúas misas e unha ópera. A verdade é que, como pasa moitas veces, Beethoven comezou a ser moito máis valorado despois da súa morte, na cidade austriaca de Viena no ano 1827. Hoxe en día está considerado un dos mellores músicos de tódolos tempos.

PREGUNTAS:

- 1.- Que feito especial podemos celebrar este ano?
- 2.- Que tipo de texto dirías que é?
- 3.- Cando e en que lugar naceu Beethoven?
- 4.- Pensas que tivo unha infancia coma a dos nenos da súa idade? Explica.
- 5.- Cal era a obsesión do seu pai?
- 6.- Que adoitaba pedirlle seu pai cando recibía as visitas dos seus amigos?
- 7.- Pensas que foi un músico precoz? Por que?
- 8.- Que sucedeu no ano 1780?
- 9.- Era previsible que a súa nai morrera tan axiña? Que dato che fai pensar iso?
- 10.- Cando e por que viaxou a Austria?
- 11.- Como puido rematar os seus estudos musicais?
- 12.- Como lle afectou a perda de audición?
- 13.- Escribe o nome dalgunha das súas obras máis coñecidas. Se tes curiosidade, escoita algunha.
- 14.- Escribe unha opinión persoal sobre o texto que acabas de ler.